

ENTREVISTA A CRISTINA FIAÑO

“A POESÍA NON HAI QUE ENTENDELA, SENÓN SENTILA”

Marcela Bao

A ENTREVISTADORA

_A túa primeira publicación foi a entrevista ao poeta Claudio Rodríguez Fer no Xornal da USC en 2012? Por que e que supuxo para ti?

Esta entrevista xurdiu en consecuencia da concesión ao poeta do título de Doutor Honoris Causa pola Universidade de Rennes. Para min supuxo a oportunidade de iniciarme no mundo das entrevistas cunha persoa á que eu admiro profundamente non só pola súa obra senón tamén pola súa humanidade e xenerosidade. Esta última foi a que me dou confianza para facer esta entrevista e, posteriormente, para facer *Evohé*.

_Por que realizaches despois catro entrevistas, dúas históricas e dúas literarias, relacionadas coa República Arxentina?

O meu vínculo directo coa Arxentina estableceuse no 2013, cando tiveren a oportunidade de cursar un ano do grao de Ciencias da Cultura e Difusión Cultural na Universidade Nacional de San Martín, en Bos Aires. Mais o meu interese por este país viña xa de antes froito do deslumbramento que me producira a lectura de autores como Julio Cortázar. De feito, a primeira destas entrevistas foi anterior á miña estancia na Arxentina e realiceilla, precisamente, a Jean Liberto Andreu, estudoso da literatura hispanoamericana e especialista e amigo de Cortázar. Outras dúas fíxenllas a Darío Rivas, iniciador da querela arxentina, e a Taty Almeida, unha das Nais de Praza de Maio, mais, curiosamente, non foron realizadas en Arxentina senón cando eu xa estaba de volta en Lugo, no 2014. Ambas foron consecuencia da miña crecente paixón polo país sudamericano pero, sobre todo, polo meu interese polos procesos de recuperación da memoria histórica sobre os que eu estaba traballando nese momento. A cuarta foi ao hispanista peruano Julio Ortega, especialista na obra de Borges.

_Onde e en que circunstancias entrevistaches ao poeta Antonio Gamoneda?

A entrevista a Antonio Gamoneda foi feita con motivo da súa presenza en Lugo como presidente do tribunal da magnífica tese de doutoramento do tamén poeta, e exdirector de *Evohé*, Saturnino Valladares, e que tratou sobre a relación de José Ángel Valente cos poetas da súa “xeración”, dos que Gamoneda forma parte. As circunstancias nas que se produciu foron ben peculiares posto que foi feita nun taxi, durante o traxecto que une León, lugar onde reside o poeta, e Lugo. Polo tanto, foron dúas horas que posibilitaron que o que podía ser unha entrevista rápida de pregunta-resposta se convertese realmente nunha conversa que me serviu non só para afondar no seu pensamento poético senón tamén na súa personalidade e, de aí, para establecer unha fonda conexión persoal e poética para min.

_Pensas realizar máis entrevistas inspiradas polo tratamento non opresivo da cultura do que fala Carmen Blanco no último número de *Evohé*?

A obra de Carmen Blanco, non só como ensaísta senón tamén como poeta, sempre é inspiradora e reveladora pois está sempre percutida de modo natural polo seu saber e o seu sentir feminista. Así que penso que non só as entrevistas e o meu traballo académico, senón que as

» Presentación de *Evohé* 23 en Lugo



miñas propias experiencias vitais xa están para sempre transcendidas polas súas ensinanzas e o seu exemplo.

A DIRECTORA DE *EVOHÉ*

_O primeiro número de *Evohé*. Revista do Campus de Lugo que codirixiches foi o de 2012. Como foi esta experiencia?

Efectivamente, o primeiro número de *Evohé* no que participei foi o número 23, adicado na súa maior parte ao mundo celta, e codirixido con María Sandra López Fernández, naquel momento estudante da licenciatura en Humanidades. A experiencia de participar nesta revista foi fundamental na miña formación posto que non só me permitiu poñer en práctica os saberes que ía adquirindo na carreira senón que tamén me fixo redescubrir as posibilidades que me ofertaban os meus anteriores estudos sobre deseño e, polo tanto, explorar na creación da revista como un vehículo integral en canto a forma e contido.

_En 2013 coordinaches o primeiro número monográfico dedicado a Cortázar, sobre quen xa publicaras un artigo o ano anterior. Que significa Cortázar para ti?

Antes dicía que o meu descubrimento da obra de Cortázar foi un deslumbramento, mais o que realmente creo que foi é un alumamento xa que a súa lectu-

» Presentación de *Evohé* 24 en Lugo



Evohé rinde homenaje a Cortázar en los 50 años de 'Rayuela'

La revista *Evohé* homenajea a Julio Cortázar en los 50 años de la publicación de 'Rayuela'. El último número fue presentado ayer por la decana de Humanidades, Isabel González Rey, el profesor Claudio Rodríguez Fer y la vicerrectora del campus, Carmen Varela. La coordinación corrió a cargo de las alumnas Cristina Fiaño y Sandra López. RESOLPONTE

JUEVES 23 DE ENERO DE 2014 ELPROGRESO

» Presentación de *Evohé* 25 en Lugo



ra me fixo ver a realidade dun xeito diferente revelándome, por exemplo, todo o que hai de marabilloso no cotiá. As súas palabras están cheas de poesía, de jazz e de humor e, polo tanto, de vida e liberdade, así que inmediatamente quedei fascinada por este vitalismo, que agora busco sempre na arte, e que resulta tan difícil de atopar neste terreo onde habitualmente abunda o pesimismo e o desasosego.

_Por que foi dobre o número de *Evohé* correspondente a 2014?

O número comezou pensándose como un monográfico sobre o mundo oriental. A idea xurdiu da paixón que sinto por esta cultura a que foi a codirectora da revista, María Sandra López Fernández. Pese a que era unha temática coa que eu non sintonizaba especialmente nun principio, impliqueime tamén de maneira activa na busca de colaboracións polo que o número foi medrando moito. Mais, de xeito paralelo foise dando, de maneira natural, outro monográfico sobre Arxentina e memoria debido ao material que se foi xerando a raíz da visita a Lugo de figuras tan relevantes neste eido como Darío Rivas ou Taty Almeida. Ao ver a importancia destas achegas consideramos que debían ter o mesmo peso dentro da revista que as referentes a Oriente. De aí que finalmente optásemos por facer un número dobre.



» Presentación de *Evohé* 26 en Lugo



» Presentación de *Evohé* 26 en Madrid



» Presentación de *Evohé* 26 en Xenebra

_O último número de *Evohé* que dirixiches foi o de 2015, que presentou un impresionante monográfico en torno a Borges, sobre quen ti tamén escribes. Como foi traballar sobre un autor tan complexo e infinito?

Pois, precisamente, a súa complexidade asustábame pero, sen embargo, foi a súa infinidade a que motivou a miña escolla xa que o meu obxectivo principal era o de facer un número completamente interdisciplinario (de aí o nome de “Borges caleidoscópico”) e intercultural. Esta busca debíase, por unha banda, á miña formación humanística e, polo tanto, ao meu interese na eliminación de fronteiras entre as áreas artísticas e, por outra, porque traballar sobre Borges me permitía cousas tan dispares como manter o diálogo creativo con xente que coñecera en Bos Aires e que me interesara moito, como é o caso da escritora colombiana Vero Mariaka, da fotoxornalista Valentina Lazo ou do pintor arxentino Francisco Sosa, pero tamén propiciar a colaboración das propias alumnas e alumnos da facultade ou de estudantes estranxeiros da nosa Universidade. E penso que iso só pode conseguirse con autores da calidade de Borges, que beben de todas as fontes e deixan un legado que, á súa vez, interesa a xente de todas as áreas e de todos os lugares.

A POETA

_Cando che pediron que recomendaras algo para ler escolliches a poesía de Olga Novo e de Claudio Rodríguez Fer, declarando: “Para min a poesía debe posuír dúas características fundamentais: ser vital e verdadeira”. Seguen sendo estas premisas a clave da túa poética?

Sen dúbida. Mais isto non foi unha conclusión á que eu chegase de maneira racional senón que dende sempre eu me sentín especialmente conmocionada por manifestacións artísticas de gran vitalidade e verdade, por proceder de sentimentos profundos que viñan máis aló do racional. Na arte o surrealismo, na música o flamenco e o jazz..., e na poesía Olga Novo e a Claudio Rodríguez Fer, que foron os primeiros poetas que lin de maneira visceral. Todas estas obras influíron na miña forma de amar e de vivir e, polo tanto, na miña forma de escribir.

_Nas mesmas declaracións dixeches que iso é o que atoparas na poesía de Olga Novo, quen che dera clase de nena. Como foi a túa relación con ela e coa súa poesía?

Efectivamente tiven a sorte de que Olga Novo me dese clases de lingua e literatura galega no meu primeiro ano de instituto. Eu sempre agardaba con ansia estas clases, aínda que fora para escoitalle falar das conxugacións verbais! Hai unha forza vital nela que é abrasadora. Ata final de curso non sabiamos que era poeta mais, sen embargo, eu percibía nela a súa poesía. Nese momento tiven un pequeno achegamento á súa obra pero eu era moi nova e non a entendía aínda pero aí quizais descubrín que a poesía non hai que entendela, senón sentila. Anos despois, cando eu xa tiña uns vinte, reencontrámonos nun recital de poesía que dou na Coruña e aí retomamos a nosa conexión vital. De todo o que lin ata agora, a súa obra segue a ser a que sinto máis dentro.

_Tamén asegúraches entón que “sempre teño a man a poesía completa de Claudio Rodríguez Fer, recollida en *Amores e clamores*, e na que harmonicamente o amor une os seus poemas eróticos cos máis comprometidos versos pola reivindicación da memoria histórica”. Segue sendo así?

Da poesía de Claudio Rodríguez Fer aprendín moitísimas cousas, entre elas a importancia da coherencia entre ética e estética que se manifesta xa dende o seu primeiro poemario, *Poemas de amor sen morte*. Precisamente esta conexión de ámbalas dúas cousas está moi ben recollida no título da súa poesía reunida *Amores e clamores*.

_En 2016 apareceron tres poemas teus traducidos ao castelán nunha antoloxía do *Amour fou*, coordinada e publicada en Madrid por Antonino Nieto, na que tamén aparecen poetas galegos xa mencionados, como Carmen Blanco, Olga Novo e Claudio Rodríguez Fer. Que representa para ti o *amour fou* e estar nesta antoloxía?

André Breton deixou dito que a súa visita ao museo de Gustave Moreau aos dezaseis anos modificara para sempre a súa idea do amor. A min pasoume o mesmo coa lectura dos surrealistas e doutros poetas como, precisamente, Olga Novo, Carmen Blanco ou Claudio Rodríguez Fer, onde as nocións de unión libre e do amor como forza liberadora, profunda, irracional e revolucionaria están tan presentes. Esta é a visión do amor que teño eu tamén e por iso rematei un deses poemas parafraseando a Breton, cando falaba da beleza, dicindo que “o amor será fou ou non será nada”. De aí que para min supuxese unha inmensa felicidade poder compartir páxinas cos poetas que admiro e cos que tanto sintonizo vitalmente.



» Entre Galicia e Machu Picchu / Ilustración de Francisco Sosa

A INVESTIGADORA

_O teu Traballo Fin de Grao na carreira de Ciencias da Cultura e Difusión Cultural foi sobre a historia do vello cárcere de Lugo entre 1936 e 1946 e obtivo un dez. Quedaches satisfeita coa túa investigación?

Quedei satisfeita a nivel académico, mais dende un inicio este traballo foi pensado como un proxecto de difusión cuxo obxectivo é que esta investigación se materialice nunha exposición e outras actividades culturais que consigan arrojar luz sobre unha parte da nosa historia que se nos ocultou, e axudar con iso a dignificar a memoria das vítimas do fascismo. Tamén quedei con ganas de seguir ampliándoo e falar con máis familiares de presos. Quedan moitas historias que contar e, polo tanto, moito por facer aínda. Realmente, con este traballo eu quixera contribuír ao desexo de Miguel Hernández: “Porque un pueblo ha gritado, ¡libertad!, vuela el cielo. Y las cárceles vuelan!” Ata ese momento non quedarei satisfeita.

_Como foi a túa relación coas asociacións da memoria antifascista?

Para realizar este traballo foi fundamental a colaboración e asesoramento tanto da Asociación para a Dignificación das Vítimas do Fascismo de Lugo, como por exemplo do seu membro Manuel Cuesta (fillo dun dos presos do cárcere, Eusebio Cuesta, e alumno da facultade de humanidades), e tamén da Asociación pola Recuperación da Memoria Histórica, a través da historiadora Carmen García-Rodeja, unha muller absolutamente entregada ao labor de restauración da memoria e que me transmitiu o seu entusiasmo e o seu amor polas vítimas.

_Que supuxo que se publicase como número 20 de *Unión Libre. Cadernos de vida e culturas*?

Foi moi importante para min este recoñecemento do meu labor. Ademais de ser moi emocionante que unha publicación como *Unión Libre*, que dende os seus inicios estivo tan comprometida coa memoria histórica e que xa tiña adicados varios números a esta temática que foron fundamentais na miña investigación, se interesase polo meu traballo e o considerase merecedor dun número monográfico. A isto hai que engadirlle a importancia desta plataforma como medio difusor, pois é unha revista consagrada que le moita xente da memoria.

_Cal será o tema do Traballo Fin de Máster que estás realizando e por que o escolliches?

Pois o meu TFM tratará sobre o pensamento intercultural de José Ángel Valente. Ao igual que cando propuxen a Borges como temática do último número de *Evohé*, a elección para desenvolver a miña investigación sobre un poeta da magnitude de Valente, sobre o que escribiron extraordinarios investigadores de todo o mundo, asustábame e aínda me asusta, mais a posibilidade de apertura ao mundo que me permite a súa obra só a podo conseguir a través de autores integrais e universais coma el. Realmente eu escollín unha temática que me permitise facer todas as lecturas que quería facer, e penso que o conseguín porque este traballo lévame a penetrar en mundos tan aparentemente diversos como o sufismo, a cábala xudía, as culturas precolombianas, o taoísmo ou o surrealismo, todos eles unidos pola busca da verdade inefable que está oculta tras a realidade aparente, e á que Valente puido achegarse a través do que el chamou poesía do coñecemento.

A PROFESIONAL

_A túa primeira carreira foi a de Enxeñería en Deseño Industrial no Campus de Ferrol da Universidade da Coruña. Que che aportou?

Pois ensinoume, sobre todo, a ser autodidacta e a adquirir ferramentas para poder realizar labores de deseño que me permiten agora realizar proxectos dunha maneira máis integral ao poder facerme cargo non só dos contidos senón tamén da súa concepción gráfica.

_Dende que acabaches Ciencias da Cultura e Difusión Cultural no Campus de Lugo da Universidade de Santiago de Compostela traballas a tempo completo nunha cooperativa cultural da capital de Galicia. Estás satisfeita?

Si, moito, porque neste traballo conseguín, precisamente, que confluíse a miña formación como deseñadora e como xestora cultural, dous campos que aparentemente son moi diversos pero que no meu caso se complementan e se retroalimentan dunha maneira moi boa. Ademais, a equipa que conforma a cooperativa é marabillosa e deixa moito espazo para a experimentación e o desenvolvemento creativo polo que dende un inicio me sentín moi cómoda formando parte dela.

_Realizas tamén traballos creativos como a edición gráfica de *Cinepoemas* de Claudio Rodríguez Fer que publicou a editorial Ouvirmos. Que importancia lle das a esta dimensión?

Cada vez me gusta máis o labor de deseño gráfico, sobre todo cando está relacionado coa cultura, e xa non digamos cando serve para materializar o proxecto poético dun autor como Claudio! Realmente foi facendo este traballo cando eu me reconcillei cos meus estudos de deseño. Pero máis aló diso, facer *Cinepoemas* doume a posibilidade de aprender moito dun mestre coma el e de introducirme no cine e na poesía da súa man, polo que foi vital na miña formación.

_O teu itinerario pon en evidencia numerosas inquedanzas. Que che gustaría facer agora?

De momento seguir co meu traballo fin de máster sobre Valente, que oxalá sexa o xerme para unha investigación futura de maior magnitude. Ademais seguirei loitando por que se materialice o proxecto de recuperación da memoria histórica do vello cárcere de Lugo. En canto ao meu traballo dentro da acción cultural e do deseño, este satisfai gran parte das miñas inquietudes creativas, así que espero seguir adicándome profesionalmente a el. Mais non quero perder a miña paixón pola investigación nin pola creación persoal, polo que espero poder compatibilizar todo e non deixar ningunha destas dúas cousas.



» Portadas das revistas *Evohé* que codirixiu ou dirixiu Cristina Fiaño



» Héctor Acebo / Ilustración de Zhao Bing



» Saturnino Valladares / Ilustración de Zhao Bing